As persoas que encabezamos as candidaturas polo Bloque Nacionalista Galego da comarca de Valdeorras consideramos que a nosa comarca ten unhas necesidades que consideramos que deben ser atendidas, planificadas e solventadas de xeito conxunto. Comprometémonos, ademais, de xeito público e por escrito, a traballar comarcalmente para levar adiante as seguintes medidas que son de vital importancia para que Valdeorras sexa unha terra de prosperidade e oportunidade para as persoas que viven e traballan nela.

Queremos expresar o noso seguinte **decálogo de liñas comarcais de traballo**:

1. **O futuro das comunicacións**: Reclamamos do Goberno Central que inicie as obras da A-76, imprescindíbel para conectar a nosa comarca co resto do país e a península. Doutra banda, esiximos à Xunta que promova unha liña de trens de cercanías que dean servizo ás miles de persoas que se desprazan diariamente entre os distintos núcleos da conca do Sil sen teren que recurrir ao transporte privado, que multiplica a contaminación e o custo. **Doutra banda, desde os gobernos municipais crearemos unha Rede Valdeorresa de Transportes que forneza de liñas de bus aos núcleos rurais e entre os núcleos urbanos máis relevantes da comarca**.

2. **O futuro da atención sanitaria:** Fronte ao desmantelamento da Área Sanitaria por parte da Consellaría de Pilar Farjas coa complicidade do PP de Valdeorras, **esiximos a reequipación do Hospital Comarcal de Valdeorras**, para ser quen de atender realmente as necesidades da poboación, **e a mellora dos centros de saúde do resto da comarca** para priorizar a atención primaria e preventiva e descargar parte do peso do HCV. **Desde o BNG, promoveremos a creación dun servizo de prevención laboral, cunha atención específica aos traballadores da pizarra.**

3. **O futuro da atención social:** Nunha comarca coma a nosa, cunha porcentaxe de persoas dependentes tan alta, é imprescindíbel contar cuns servizos sociais públicos e universais que garantan o benestar. Por iso, esiximos a apertura inmediata do Centro de Día da Rúa e a construción doutros no resto das vilas. Tamén procuraremos o desenvolvemento dunha rede de gardarías públicas, con atención especial aos fillos e fillas dos traballadores das louseiras. **Desde os concellos, crearemos un Ente Valdeorrés de Servizos Sociais para xestionar residencias públicas e un servizo de acompañamento para persoas dependentes.**

4. **O futuro da vivenda:** A chegada da dereita á Xunta, coa derrogación da Lei do Hábitat, supuxo a conversión do dereito á vivenda nun papel mollado para dar paso á especulación e ao lucro duns poucos. Nós propoñemos recuperar o espírito desa lei, un urbanismo e unha arquitectura feita a medida do benestar e o progreso da xente. **Desde os concellos, crearemos unha Axencia Comarcal de Vivenda que aumentará a oferta de vivenda pública, impulsará a recuperación e restauración e creará bolsas de alugueiro.**

5. **O futuro da industria:** Ao longo destes anos vimos como o esforzo do bipartito en construír e dotar Valdeorras de solo industrial para fixar empresas na nosa comarca, foi destruído pola Xunta actual e a fuga de empresas ao Bierzo é un feito palpábel. As empresas para asentarse en Valdeorras precisan de solo industrial asequíbel. **Desde o poder local impulsaremos un Clúster Industrial Valdeorrés que traballe en dúas liñas, planificación comarcal e procura de novas oportunidades emprendedoras.** Doutra banda, a nosa comarca vive fundamentalmente do sector louseiro, ao que lle demandaremos maior investimento dos beneficios na comarca e a recuperación das escombreiras, **o BNG promoverá a declaración de Valdeorras como Conca Mineira e a adscripción ao**

Convenio Mineiro dos seus traballadores.

6. **O futuro forestal:** A potencialidade agroforestal de Valdeorras é enorme e infrautilizada, con máis do 50% da súa superficie en man común. A actual Xunta promove a súa privatización coa Lei de Augas, a reforma das UXFOR e a Lei de Montes que se está a preparar, nós avogamos pola actuación en varias vías. **O BNG municipal apoiará ás CMVMC na súa xestión do monte, promovendo a súa multifuncionalidade e a creación de emprego, amáis de esixir o aumento de persoal en prevención e extinción de incendios no Distrito XIII, mentres que desenvolveremos plans municipais contra incendios.**

7. **O futuro do campo e comercio local:** O sector agrario e gandeiro está inmerso nunha crise case permanente, esquecido o agro galego pola PAC e pola Xunta de Galiza, vemos que dende os Concellos podemos aportar nunha serie de medidas para aliviar e pular por este sector. **Desde o poder municipal, o BNG creará a área de Comercio de Valdeorras, para crear canles de comercialización dos produtos locais, promovendo o consumo nos comercios da comarca e as feiras, ao tempo que promocinará os nosos produtos baixo a marca Valdeorras.**

8. **O futuro turístico:** A nosa comarca ten un potencial turístico extraordinario, pola beleza e diversidade da súa natureza e emprazamentos, alén de múltiples elementos culturais derivados da nosa historia milenaria. Ademais, o potencial de xerar sinerxías co sector vitivinícola mediante iniciativas enoturísticas fan deste sector un dos potenciais máis grandes da nosa comarca para asentar poboación no rural, cun traballo e un nivel de vida dignos. O BNG quere convertir a nosa comarca nun destino de referencia para o turismo sostíbel e de calidade, que aposte pola conservación da cultura rural. **Desde o poder local, crearemos unha Rede Turismo de Valdeorras que elaborará unha guía turística da comarca, promoverá Valdeorras coma destino turístico e dará apoio ás iniciativas empresariais privadas que vaian na liña antes expresada.**

9. **O futuro deportivo:** Temos unha Comarca con grandes potencialidades humanas na práctica de variados deportes coma o piragüismo, montañismo e atletismo son un referente de modalidades deportivas que non contan con un apoio preciso para poder dar continuidade ás persoas que destacan, obrigadas a emigrar a outras latitudes para poder progresar. **Dende os Concellos, o BNG crearemos a Fundación Deporte de Valdeorras, con tres liñas de traballo: a promoción do deporte base, a promoción dos deportes tradicionais e bolsas para deportistas destacados.**

10. **O futuro cultural:** A nosa comarca é un deserto cultural a pesar de contar coa infraestrutura e as potencialidades necesarias para ter un posto destacado no concerto cultural do país. **O BNG impulsará desde os municipios a creación dunha Rede Comarcal de Espazos Culturais, con actividade itinmerante e permanente, e Bolsas-axuda à Creación Artística.**

Para alén destas liñas, o BNG promoverá a creación de modulos de Formación Profesional na comarca relacionados coa maquinaria pesada e o sector agrario e vitivinícola así como a visita semanal dunha delegación do Servizo de Mediación, Arbitraxe e Conciliación (SMAC) para atender a demanda comarcal.

Sabemos que a comarcalización é a ferramenta que nos pode abrir a porta do futuro, aumentando os servizos prestados sen multiplicar exponencialmente os seus custos, como poden ser, alén dos proxectos explicados, a recollida do lixo ou unha central de compras. Malia o fracaso da comarcalización feita polo PP de Fraga, que só serviu para enchufar a xente próxima, nós si que cremos nas nosas posibilidades e sabemos que a comarcalización é unha estratexia exitosa para aforrar custes dos concellos, mentres que o PP e PSOE seguen deixando 'para mañá' o debate da financiación local, insuficiente para os servizos que os concellos teñen que prestar á cidadanía.

Desde o BNG estamos convencidos que Valdeorras ten futuro e ímolo gañar!